



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 26 de maio de 2026

O 26 de maio de 2026 publicouse na Intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto terceiro da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 27/05/2026 ata o 02/06/2026).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 19 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Facer pública, no Anexo I da presente resolución, a listaxe de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Terceiro.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 19 de decembro de 2025, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES

Non hai persoas excluídas.

ANEXO II

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES

Órgano xudicial da desocupación:	IMELGA. SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO		
Código do posto:	XG9251820027001306.02		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	MF
Persoa adxudicataria	López Gómez, María Juana		

